

PAGAMENTO DOS PREZOS PÚBLICOS CO MODELO AI

Decreto 89/2013 (DOG 17/06/2013)

O pagamento dos prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño, fixados no Decreto 89/2013 (DOG do 17 de xuño), poderase realizar no modelo de liquidación xeral (AI), que pode xerarse desde Internet no enderezo:

<http://www.conSELLERIAdEfACENDA.es/web/portal/formulario-tasas-ai>

(Facer clic en *Ligazóns: Modelo AI. Autoliquidación de Tasas*)

No caso de utilizar o modelo AI, deberán indicarse nel os **códigos** correspondentes, así como os conceptos polos que se fai o ingreso e os totais a pagar, do xeito seguinte:

ConSELLERÍA de:

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (código 07)

Delegación de:

A Coruña (código 10)
Ferrol (código 11)
Lugo (código 20)
Ourense (código 30)
Pontevedra (código 40)
Vigo (código 41)
Vilagarcía de Arousa (código 42)

Servizo de:

Ensino medio (código 03)

Taxa: denominación

Ensinanzas de música e de danza (código 350700)
Ensinanzas superiores de arte dramática (código 352500)
Ensinanzas superiores de conservación e restauracións de bens culturais (código 350900)
Ensinanzas superiores de deseño (código 352600)
Escolas oficiais de idiomas (código 350800)
Ensinanzas deportivas (código 353000)

A sección **Suxento pasivo** completarase cos datos persoais do/a alumno/a.

A sección de **Liquidación** cubrirase do xeito seguinte:


Base de cálculo ou base imponible ou unidades: indicarase o número de unidades polos que se vai efectuar o ingreso (por exemplo, se se trata dunha apertura de expediente e unha matrícula de curso completo, especificarase "1" para cada un dos conceptos; se se trata de

matrícula nun nº de créditos ECTS, especificarase o número de créditos). No caso de fraccionar o pagamento, deberase indicar “0,5” como unidade de cálculo para matrícula.

Tipo ou tarifa: consignaranse os conceptos que correspondan, según aparecen no anexo do Decreto 89/2013 (por exemplo, “Apertura de expediente académico”).

Importe total a ingresar: a suma total a ingresar no banco ou caixa. No caso de fraccionar o pago da matrícula, deberá dividirse por dous o concepto de matrícula (o resto dos conceptos non son fraccionables).

A continuación pode ver un exemplo da pantalla para a confección do formulario electrónico:



Unha vez rematado, deberá pulsar “Obter formulario”, e a aplicación xerará un arquivo .pdf con 3 páxinas e un código de formulario específico (Alxxxxxxxx x), como o modelo que se amosa na páxina seguinte.

O/A alumno/a deberá imprimir as 3 páxinas, escribir a man o lugar e a data, asinalas e efectuar o pagamento no banco ou caixa.

Se necesita máis axuda sobre como cubrir o modelo AI electronicamente, pode atopala en <https://host.cixtec.es/docubreixo/TGLTASAS.PDF>

Para aquel alumnado que non teña acceso á Internet, e polo tanto non poida xerar o modelo AI, os centros deberán ter xerados e impresos modelos AI (coas 3 copias: *interesado, entidade bancaria e administración*), nos que só estará cuberta a sección **Códigos** segundo se explica neste documento. Nese caso, o/a alumno/a deberá cubrir a man as restantes seccións das 3 copias do modelo e efectuar o pagamento na entidade bancaria.

IMPORTANTE: Se o/a alumno/a fracciona o pagamento e vai utilizar o modelo AI, deberá achegar ademais o **documento para o pagamento do 2º prazo** cuberto e asinado.



Exemplo de modelo AI cuberto:

EXEMPLAR PARA O INTERESADO

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE FACENDA		TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA Lei 6/2003, do 9 de decembro Decreto 61/2005, do 7 de abril AUTOLIQUIDACIÓN		Modelo AI EUROS						
AI0340716 2										
códigos	Consellería de CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA			Código: <table border="1" style="display: inline-table;"><tr><td>0</td><td>7</td></tr></table>		0	7			
	0	7								
	Delegación de A CORUÑA			Código: <table border="1" style="display: inline-table;"><tr><td>1</td><td>0</td></tr></table>		1	0			
	1	0								
Servizo de ENSINO MEDIO			Código: <table border="1" style="display: inline-table;"><tr><td>0</td><td>3</td></tr></table>		0	3				
0	3									
Taxa: denominación: ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS			Código: <table border="1" style="display: inline-table;"><tr><td>3</td><td>5</td><td>0</td><td>8</td><td>0</td><td>0</td></tr></table>		3	5	0	8	0	0
3	5	0	8	0	0					
SUXEITO PASIVO	NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL 12345678Z PÉREZ PÉREZ, XOSÉ								
	VIA PUBLICA RÚA DO FRANCO		NUMERO 001	ESCAL. 1º	PISO PORTA 6 0 0 1 2 3 4 5 6	TELÉFONO				
	CONCELLO SANTIAGO DE COMPOSTELA		PROVINCIA A CORUÑA			CÓDIGO POSTAL 1 5 7 0 1				
LIQUIDACIÓN	BASE DE CALCULO OU BASE IMPOÑIBLE OU UNIDADES 1 1	TIPO OU TARIFA MATRÍCULA POR IDIOMA EN RÉXIME OFICIAL SERVIZOS XERAIS			IMPORTE A INGRESAR TOTAL <table border="1" style="display: inline-table;"><tr><td>105</td></tr></table>	105				
	105									
_____ a _____ de _____ de 20 _____. <small>Sinatura do declarante ou representante legal</small>										
Sello		Data	Número							
IMPORTANTE: O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.										